

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 08 DE MAIO DO 2025.

ASISTENTES:

Presidente: PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO Membros que asisten: MARIÑO DE BRICIO VICENTE SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO FURONES RAMOS JUAN LUIS	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten:
---	---

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Oito de Maio do Dous mil vinte e cinco, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓN ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria celebrada na data 30/04/2025

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202504/479 (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 30/04/2025. DECRETO: "AMPLIACIÓN PRAZO PRESENTACIÓN OFERTAS: -Expte: 2025/C_OB000005-Rede de saneamento e abastecemento en Arribas (Artes)-ID 824961 / - Expte: 2025/C_OB000006-Pluviais e pavimentación nas rúas Revolta e Fonteseca (Castiñeiras)- ID 824962 / -Expte: 2024/PATR000014-Concesión administrativa de dominio público para la explotación del bar-cafetería del centro multiusos de Carreira-ID 824929"



3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202504/479 (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 30/04/2025. DECRETO: “AMPLIACIÓN PRAZO PRESENTACIÓN OFERTAS: -Expte: 2025/C_OB000005-Rede de saneamento e abastecemento en Arribas (Artes)-ID 824961 / - Expte: 2025/C_OB000006-Pluviais e pavimentación nas rúas Revolta e Fonteseca (Castiñeiras)- ID 824962 / -Expte: 2024/PATR000014-Concesión administrativa de dominio público para la explotación del bar-cafetería del centro multiusos de Carreira-ID 824929”

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202504/479 (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 30/04/2025. DECRETO: “AMPLIACIÓN PRAZO PRESENTACIÓN OFERTAS: -Expte: 2025/C_OB000005-Rede de saneamento e abastecemento en Arribas (Artes)-ID 824961 / - Expte: 2025/C_OB000006-Pluviais e pavimentación nas rúas Revolta e Fonteseca (Castiñeiras)- ID 824962 / -Expte: 2024/PATR000014-Concesión administrativa de dominio público para la explotación del bar-cafetería del centro multiusos de Carreira-ID 824929”

5.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202505/034

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 05/05/2025. DECRETO: “APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD Y PLAN DE GESTIÓN DE RESIDUOS DE LAS OBRAS “MEJORA EFICIENCIA ENERGÉTICA DEL PARQUE PERIURBANO DE SAN ROQUE E ILUMINACIÓN EFICIENTE”. FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU”

6.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202505/053

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 05/05/2025. DECRETO: “ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE OBRAS DE “REHABILITACIÓN DEL CONSERVATORIO DE AGUIÑO” (PIREP 2) - REACT-UE NEXT GENERATION”. FINANCIADAS CON FONDOS DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA – FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)”

7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

4254 21.02.2025 JUAN JOSÉ LEMA MARTÍNEZ, restauración da cuberta da casa vella, en Mourelos, Palmeira.



8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

8654 09.04.2025 SARA GONZÁLEZ REIRÍZ, (HABITAT SORIELO, S.L.), saneamento de fachadas, na Avda. do Ferrol, 61, Ribeira.

9.- LICENZA MUNICIPAL -PROXECTO DE EXECUCIÓN- CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR COMPOSTA DE SOTO, PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA, CONSTRUCCIÓN AUXILIAR, PECHE E PISCINA. LUGAR: LUGAR DE DEÁN GRANDE, RIBEIRA. PROMOTORA: ANA PELETEIRO BRIÓN

VISTA a solicitude de e **licenza urbanística-PROXECTO DE EXECUCIÓN**- para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR COMPOSTA DE SOTO, PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA, CONSTRUCCIÓN AUXILIAR, PECHE E PISCINA, LUGAR DE DEÁN GRANDE, RIBEIRA**, da que é promotora **Dna. Ana Peleteiro Brión**

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** tras analizar o cumprimento da normativa sectorial e urbanística vixente con sinatura dixital o día **9 de abril de 2025**.

VISTO o **informe** emitido polo **Secretario Xeral de Corporación** con data **5 de maio de 2025**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia,

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- CONCEDER a **Dna. Ana Peleteiro Brión** **LICENZA DE OBRAS -PROXECTO DE EXECUCIÓN**- para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE SOTO, PLANTA BAIXA PLANTA PRIMEIRA, CONSTRUCCIÓN AUXILIAR, PECHE E PISCINA**, no lugar de **Deán Grande, Ribeira**, en parcela resultante da Escritura de Agrupación de parcelas con refª catatstrais nº 15074A00600213 - 15074A00600214 - 15074A00600215 de 30 de outubro de 2024 autorizada pola notario de Ribeira Dna.Mª Covadonga Vázquez López baixo o nº 1799 de protocolo.

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da



licenza.

CUARTO:-Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a preceptiva Comunicación previa de primeira ocupación, segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a Lei 2/2016, do solo de Galicia, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.*
- Acta de recepción de edificio terminado.*
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.*
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias do servizo.*
- Para a validación da Comunicación previa de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.*

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.*
- *A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- *Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- *O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- *Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- *Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- *A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*



- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participará a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.



- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

DÉCIMO PRIMEIRO:-Notificalo presente acordo ós interesados para o seu coñecemento e efectos oportunos.

10.- LICENZA MUNICIPAL PARA CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E PISCINA. LOCALIZACIÓN: RÚA CAMIÑO DA AUGA, Nº 30, FONTEERRAMIL, RIBEIRA. PROMOTOR: SALVADOR MARIÑO AGEITOS MONTEAGUDO.

VISTA a solicitude de licenza urbanística de obra maior para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR COMPOSTA DE PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E PISCINA**, no lugar de **RÚA CAMIÑO DA AUGA, Nº 30, FONTEERRAMIL, RIBEIRA**, da que é promotor **D.SALVADOR MARIÑO AGEITOS MONTEAGUDO**

EXAMINADA a documentación que lle acompaña así como

VISTO o **informe técnico** favorable emitido polo **arquitecto municipal** con sinatura dixital o día **30 de outubro de 2025**

VISTO o **Plano e acta de cesión** así como o **informe** emitido polo **arquitecto municipal** o día **24 de febreiro de 2025** en relación á superficie de **10,40 m² de cesión** a dominio e uso público dos terreos necesarios para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas polo planeamento, contemplando unha **fianza** para responder polos servizos urbanísticos a completar pola construción da vivenda unifamiliar de **332,72 €**.

VISTO o **contrato de cesión** asinado o día **6 de marzo de 2025** por D. Salvador Mariño Ageitos, polo que cede a dominio e uso público ao Concello de Ribeira a superficie de terreo de **10,40 m²** para a apertura ou regularización do viario preciso da zona afectada por aliñacións establecidas no Plan Xeral de Ordenación Urbana.

VISTO o **informe** emitido polo **Técnico de Administración Xeral** adscrito ao Departamento de Urbanismo de data **7 de marzo de 2025**, ao abeiro do disposto no artigo 172 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

VISTO o **informe** emitido con data **10 de marzo de 2025** polo **secretario xeral da Corporación** ao abeiro do disposto no artigo art. 3 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento do Réxime Xurídico dos Funcionarios con Habilitación de Carácter Nacional

Considérase que a tramitación do expediente realizouse de conformidade co disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, previa deliberación e exame sobre o expediente da súa razón, adopta o seguinte **ACORDO**:



PRIMEIRO.- CONCEDER a D. Salvador Mariño Ageitos Monteagudo LICENZA DE OBRAS (Nº 19/25) para CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, PLANTA ALTA E PISCINA en parcela con refª catastral nº 15074A019007380000KM sita na **Rúa Camiño da Auga nº 30, Fonterramil, Ribeira**, nos termos do Proxecto Básico e de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 9 de decembro de 2024, Memoria urbanística modificada así como Escrito xustificativo de normativa visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 24 de xaneiro de 2025, Planos de alzados acoutados visados polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o día 12 de febreiro de 2025 redactado por D. Enrique Barreiro Blanco e Sra. Carolina Mateos Escudero ENRIQUE BARREIRO ARQUITECTOS col. nº 20.235):

- Deberá presentar **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos que deberá obter a aprobación municipal con anterioridade ao inicio das obras.
- Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde** co preceptivo visado colexial.
- En relación á superficie **cedida a dominio e uso público afectada por aliñacións de 10,90 m²**, deberá de completar a dotación de servizos mínimos urbanísticos previa o simultaneamente coa construción da edificación ata as aliñacións e no seu caso reforzalos ata os puntos de rede suficiente. A tal efecto, e como garantía do cumprimento desta condición, consta na tesorería do Concello o ingreso de **332,72 €** para responder polos servizos urbanísticos a completar

SEGUNDO.- En atención ao disposto polo artigo 357.6º do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

TERCEIRO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

CUARTO.- Unha vez concluída a obra o interesado deberá presentar a comunicación previa de primeira ocupación segundo o disposto pola Lei 7/2022 de 27 de decembro de medidas fiscais y administrativas que modifica a LSG, debendo actualizar os datos catastrales a efectos da actualización do Imposto sobre Bens Inmóbles (I.B.I. art. 60 a 77 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais):

- Certificado Final de Obra cos preceptivos visados colexiais.
- Acta de recepción de edificio terminado.
- Presentación do Modelo 900-D da declaración catastral.
- Certificado de Eficiencia Enerxética.
- Certificado de idoneidade emitido polas empresas concesionarias dos servizos.
- Para a obtención da licenza de primeira ocupación atendendo ao artigo 10.2 do Decreto 106/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica establece que, sen prexuízo do disposto polo artigo 20 da Lei 37/2003, de 17 de novembro deberá presentar o informe de ensaio que xustifique que se cumpre cos illamentos acústicos esixidos e que as instalacións comúns do edificio non producen nas edificacións niveis sonoros



superiores aos valores límite establecidos. O devandito informe elaborárase a partir de medicións in situ do illamento acústico das edificacións conforme á normativa de aplicación, ás ordenanzas municipais, e demais condicionantes sobre avaliación da contaminación acústica, podendo establecer ensaios representativos.

QUINTO.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:

- A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido ó tránsito.*
- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.*
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.*
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.*
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).*
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.*
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.*
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimentos dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.*
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participárase a data da súa iniciación.*
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.*
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".*
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.*



SEXTO.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do Concello de Ribeira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

SÉTIMO.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verterse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

OITAVO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

NOVENO.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos as súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

DÉCIMO.- Asimesmo a licenza concedida:

- So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.
- Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, en tanto as licenzas no prexuzgan a titularidade dominical da propiedade nin a existencia ou validez dos negocios xurídicos celebrados entre particulares en función do principio de autonomía da vontade das partes.
- Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.
- Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.

11.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Juan Brión Maneiro

Visto o escrito presentado por **Juan Brión Maneiro**, de data 21/02/2025 (Registro de entrada nº 4.230), no que solicita certificación urbanística en relación ao terreo cedido como condicionante da licenza de obras nº 85/2015.

Visto o informe técnico emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 04/04/2025, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:



SITUACIÓN: Rúa Arribó, nº 3. Ameixida
REF. CATASTRAL: 15074A019003550000KF

Consultado o expediente da licenza de obras nº 85/2015, compróbase que non existe no mesmo plano de cesións sobre el terreno ca referencia catastral indicada, pero realizada visita de inspección e realizadas a medicións oportunas, compróbase que a alineación do peche existente na parcela, en contacto coa rúa Arribó, axústase á que marca o PXOM actual.

12.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. ANTONIO CASAIS BASOCO POLOS DANOS E LESIÓNS SUFRIDOS COMO CONSECUENCIA DUNHA CAÍDA NA VÍA PÚBLICA. EXPEDIENTE 2024 RESP000003

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. ANTONIO CASAIS BASOCO**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 20 de maio de 2023, D. Antonio Casais Basoco, con DNI número 33.214.314-Z, ía camiñando pola Avenida do Malecón, parroquia e municipio de Ribeira, cando, á altura do bar “La Estación” (Avenida do Malecón nº 10), sufriu unha caída ó tropezar cunha lousa de pedra que non estaba suxeita ó solo.

Segundo.- Como consecuencia da caída, o Sr. Casais Basoco tivo que ser atendido no servizo de urxencias do Hospital da Barbanza, onde lle diagnosticaron traumatismo craneoencefálico leve, contusión costal e contusión no ombro dereito con posible “*tendinopatía del manguito de los rotadores postraumática.*”

Terceiro.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 11/01/2024 co número 2024 00000849, D. Antonio Casais Basoco, promove reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polas lesións sufridas pola mencionada caída, solicitando o abono dunha indemnización total de 4.000 €.

Co seu escrito de reclamación achega o informe de alta de urxencias realizado na data 20/05/2023 polo Hospital da Barbanza.

Cuarto.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el:

- Informe emitido na data 13/03/2025 pola Policía Local.
- Informe emitido na data 31/03/2025 pola enxeñeira municipal.

Quinto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións polas partes interesadas.

FUNDAMENTOS DE DEREITO



Primeiro.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

Segundo.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Terceiro.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao Índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estatística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria, ou, no seu caso, as normas orzamentarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.



O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

Cuarto.-

En referencia agora ó presente caso, está lexitimado o Sr. Casais Basoco para deducir a reclamación de indemnización dos danos e lesións que pretende por ter sufrido as consecuencias lesivas do accidente ocorrido na data 20/05/2023 cando camiñada pola Avenida do Malecón, e fíxoo en tempo e forma idóneas, por canto formulou a súa petición antes de transcorrido un ano.

Polo que se refire ó fondo material da cuestión que suscita a reclamación presentada, cómpre ter en conta que **as lesións producidas teñen que se aceptadas como certas á vista do parte do servizo de urxencias do Hospital da Barbanza que achega o reclamante co seu escrito de demanda de responsabilidade patrimonial.**

Da instrución do expediente resulta o seguinte:

- **A Policía local tivo constancia do sucedido.** Así consta no informe emitido na data 13/05/2025 no que se dispón o seguinte: *“Que a las 11:55 horas del día 20 de mayo de 2023, mientras realizábamos el servicio asignado a pie por la Avd Malecón, fuimos requeridos por un viandante comunicándonos que a la altura del nº 10, se había caído al suelo un señor, golpeándose la cara y un brazo, de lo cual se realiza incidencia con nº 6998, ratificándonos en lo expuesto en la citada Incidencia. En el lugar se realiza inspección ocular de la zona de la caída, observándose en una de las losas de granito, una elevación de lado a lado de la misma, debido posiblemente a las raíces de los árboles ornamentales del lugar, con un desnivel de unos 5 cms con las losas de su alrededor. Es parecer de los policías actuantes, que en estado de la zona fue determinante para que se produjera la caída. No se observó ningún tipo de señalización de advertencia o peligro que indicase el estado defectuoso de la zona. Es parecer de los policías que la zona, es fácilmente apreciable por los viandantes. La avd Malecón a la altura del nº 10 comprende una zona de paseo peatonal de aproximadamente 5 metros de ancho, libre para el tránsito de los peatones, por lo que no se entiende que caminase por una zona estrecha de unos 30 cms entre la valla del parque infantil y el banco de piedra.”*
- **Non se presentaron testemuñas do sucedido.**
- **A enxeñeira municipal dispón o seguinte no informe emitido ó respecto:**
“a) Titularidad de la Avenida del Malecón: Su titularidad no es municipal, ya que la Avenida del Malecón forma parte de la zona de servicio del puerto de Ribeira, por lo que pertenece al dominio público portuario cuyo titular es Portos de Galicia, a quién compete su conservación y mantenimiento. B) Conocimiento de los hechos por los que se reclama: No se tuvo conocimiento de los hechos objeto de la reclamación, por lo que no consta realizada una inspección al lugar del accidente en la fecha de la caída 20/05/2023. C) Descripción del lugar del accidente: El lugar de la caída sufrida por el Sr. Casais Basoco es la Avenida del Malecón. Esta vía pública



se encuentra situada en el centro urbano del municipio. Es un espacio público amplio, totalmente peatonal, con un parque infantil en el mismo, árboles y mobiliario urbano como bancos de piedra, alumbrado, etc. Se encuentra totalmente pavimentado con losas, en buen estado general (...).

D) Estado del lugar del accidente: (...) se ha procedido con fecha 04/02/2025 a la comprobación de su estado. Así, inicialmente, se comprueba que no se encuentra ninguna losa de granito suelta, despegada o con poco material de agarre parcial o totalmente. En el tramo de la caída vemos que se han recuperado varias losas y han quedado totalmente niveladas y agarradas y sin diferencias de cotas con las restantes. Lo más reseñable es que se encuentra una tapa de registro en la zona de paso de los peatones, y justo a menos de un metro vemos una losa facturada en 4 piezas y con un desnivel de más o menos 1 o 1,5 cm. Es la única losa que se aprecia en el tramo indicado que se tendría que nivelar, pero no se encuentra suelta ni sin falta de material de agarre ni nada por el estilo, sino que está firme en el agarre (...). En la zona entre los alcorques de los árboles que están más próximos al parque infantil se encuentran varias losas con cierto desnivel, aunque se considera que NO es zona de paso de los peatones porque, en primer lugar, existe acopio de sillas y mesas de la terraza de un bar y no se puede caminar con continuidad, y, en segundo lugar, porque es una zona muy estrecha, entre el parque infantil y los bancos de piedra o los alcorques de los árboles, y tampoco se puede caminar con continuidad. E) Causa del siniestro: Si bien pudiera ser que el accidente se produjera por alguna losa desnivelada, no puede asegurarse con certeza al no inspeccionar el lugar de la caída en la fecha del accidente. Lo que sí puede afirmarse es que, de existir una losa desnivelada en la mencionada calle, esta se apreciaría perfectamente por los viandantes al tratarse de un espacio público peatonal, amplio y con buena visibilidad, y que la zona donde el reclamante dice haber tropezado, no es una zona de paso, al ser una zona estrecha entre el parque infantil y los bancos de piedra y los alcorques (...)"

Polo exposto, é ó amparo do informe emitido pola enxeñeira municipal, enténdese que a lexitimación pasiva non corresponde ó Concello de Ribeira, por non ser o titular do lugar no que ocorreu o accidente, e, polo tanto, non ser a Administración responsable da vixilancia, mantemento e conservación do mesmo.

Non cumpríndose todas as cuestións formais e os presupostos xurídicos esenciais da responsabilidade patrimonial, ao fallar a lexitimación pasiva do Concello de Ribeira, non procede entrar nas cuestións de fondo que suscita o expediente, como é a concorrencia ou non dunha relación de causalidade entre os danos acreditados e o funcionamento do servizo público.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 05/05/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. Antonio Casais Basoco polas causas e fundamentacións expostas nos parágrafos precedentes.



SEGUNDO.- Remitir ás actuacións á administración autonómica e notificar esta circunstancia ós interesados, de conformidade co disposto no artigo 14.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

13.- RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL INTERPOSTA POR D. JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ GUTIÉRREZ, EN NOME E REPRESENTACIÓN DE LINEA DIRECTA S.A. E POR D. JUAN MANUEL OUJO FIGUEIRAS, POLOS DANOS OCASIONADOS Ó VEHÍCULO MATRÍCULA 2064LGT Ó BATER CUNHA FOCHA NA CALZADA. EXPEDIENTE 2024 RESP000027.

Visto o expediente, seguido neste Concello a instancia de **D. José Luis Fernández Gutiérrez**, en nome e representación de **LINEA DIRECTA S.A. e de D. Juan Manuel Oujo Figueiras**, co obxecto de determina-la posible responsabilidade patrimonial desta entidade, como consecuencia dos danos sufridos polo presunto mal funcionamento dos servizos públicos locais, e considerando os seguintes:

FEITOS

Primeiro.- O día 07 de xullo de 2023, D. Juan Manuel Oujo Figueiras, con DNI número 53797769X, circulaba no vehículo da súa propiedade marca Seat, modelo León, con placas de matrícula 2064LGT e asegurado na entidade Linea Directa S.A., pola rúa Santa Clara, parroquia e municipio de Ribeira, cando bateu cunha focha existente na calzada o que lle ocasionou diversos danos.

Segundo.- Mediante escrito, rexistrado de entrada na data 03/07/2024 co número 17220, D. José Luis Fernández Gutiérrez, en nome e representación da entidade LINEA DIRECTA S.A., e D. Juan Manuel Oujo Figueiras, en nome propio, promoven reclamación de responsabilidade patrimonial ante o Concello de Ribeira polos danos ocasionados por mor do accidente, que cuantifican na contía total de 2.076, 95 €, mais os xuros que legalmente lle correspondan. Da citada contía, reclaman o abono do importe de 1.866,95 € para a entidade aseguradora, e 210 € para o Sr. Oujo Figueiras.

Co seu escrito de reclamación achegan a seguinte documentación: escritura de poder para pleitos, autorizada na data 30/06/2.011 polo Notario de Madrid, Dª Ana López-Monís Gallego, co número 1.607 de protocolo; condicións particulares do seguro do vehículo; DNI do Sr. Oujo Figueiras; facturas de reparación dos danos emitidas por Autos Dunas S.L.; e informe pericial.

Terceiro.- Na instrución do expediente de responsabilidade, xuntáronse a el: informe realizado pola Policía local na data 25/02/2025; Parte de Servizo nº 7439 emitido pola Policía local; e informe emitido na data 08/04/2025 pola enxeñeira municipal.

Cuarto.- Unha vez concluída a instrución do expediente, procedeuse a dar audiencia e vista ós interesados por un prazo de 10 días hábiles, prazo no que non consta a presentación de alegacións.

FUNDAMENTOS DE DEREITO



PRIMEIRO.-

A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para a resolución deste expediente de conformidade co Decreto de delegacións de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local asinado na data 14/07/2023.

SEGUNDO.-

Na tramitación deste expediente seguíronse as prescricións previstas na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

TERCEIRO.-

O artigo 106 da CE, no seu parágrafo 2 consagra o principio de responsabilidade patrimonial extracontractual das Administracións Públicas pola lesión que sufran os particulares en calquera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento dos servizos públicos.

De conformidade co artigo 54 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, as Entidades locais responderán directamente dos danos e prexuízos causados ós particulares non seus bens e dereitos como consecuencia do funcionamento dos servizos públicos ou da actuación das súas autoridades, funcionarios ou axentes, nos termos establecidos na lexislación xeral sobre responsabilidade administrativa.

De acordo co disposto no artigo 32 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, son requisitos precisos para que a acción de responsabilidade prospere e, en consecuencia, o prexudicado teña dereito a ser indemnizado: a) a efectiva realización dun dano, avaliable economicamente e individualizado con relación a unha persoa ou grupo de persoas; b) que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos; e, c) que non exista forza maior.

Pola súa parte o artigo 34 da Lei 40/2015, contempla os aspectos fundamentais da indemnización por responsabilidade patrimonial: 1. Só serán indemnizables as lesións producidas ó particular que proveñan de danos que non teña o deber xurídico de soportar de conformidade ca Lei. Non serán indemnizables os danos que se deriven de feitos ou circunstancias que non se puideran prever ou evitar segundo o estado dos coñecementos da ciencia ou da técnica existentes no momento de produción daqueles, todo elo sen prexuízo das prestacións asistenciais ou económicas que as leis poidan establecer para estes casos. (...) 2. A indemnización calcularase con arranxo ós criterios de valoración establecidos na lexislación fiscal, de expropiación forzosa e demais normas aplicables, ponderándose, no seu caso, as valoracións predominantes no mercado. Nos casos de morte ou lesións corporais poderase tomar como referencia a valoración incluída nos baremos da normativa vixente en materia de Seguros obrigatorios e da Seguridade Social. 3. A contía da indemnización calcularase con referencia ó día no que a lesión efectivamente se produciu, sen prexuízo da súa actualización á data en que se poña fin ao procedemento de responsabilidade con arranxo ao índice de Garantía da Competitividade, fixado polo Instituto Nacional de Estadística, e dos intereses que procedan por demora no pago da indemnización fixada, os cales esixiranse con arranxo ao establecido na Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Presupostaria, ou, no seu caso, as normas presupostarias das Comunidades Autónomas. 4. A indemnización procedente poderá substituírse por unha compensación en especie ou ser abonada mediante pagos periódicos, cando resulte mais axeitado para logra-la reparación debida e conveña ó interese público, sempre que exista acordo co interesado.



O artigo 67.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dispón que o dereito a reclamar prescribe ó ano de producido o feito ou o acto que motive a indemnización ou de manifestarse o seu efecto lesivo. No caso de danos de carácter físico ou psíquico ás persoas, o prazo comezará a computarse dende a curación ou a determinación do alcance das secuelas.

CUARTO.-

En referencia agora ó presente caso, **os reclamantes formulan a súa reclamación en tempo e forma**, por non haber transcorrido aínda o prazo de un ano desde a data do accidente que motivou o prexuízo económico.

O Sr. Oujo Figueiras, ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación ó ser o titular do vehículo danado, e asumir parte do custo da súa reparación.

Así mesmo, a entidade LINEA DIRECTA S.A., **ten lexitimación activa suficiente para presentar a súa reclamación ao ter asumido o custe de reparación dos danos do vehículo que ten asegurado como así consta no expediente administrativo, e de conformidade co artigo 43 da Lei 50/1980, do 08 de outubro, de Contrato de Seguro, que dispón:** *“El asegurador una vez pagada la indemnización podrá ejercitar los derechos y las acciones que por razón del siniestro correspondan al asegurado frente a las personas responsables del mismo hasta el límite de la indemnización.”*

A entidade aseguradora actúa representada por D. José Luis Fernández Gutiérrez, que acredita debidamente a súa representación mediante escritura autorizada na data 30/06/2.011 polo Notario de Madrid, D^a Ana López-Monís Gallego, co número 1.607 de protocolo.

A lexitimación pasiva, pola súa parte, corresponde ao Concello de Ribeira, como titular do viario no que tivo lugar o accidente, tal e como se informa por parte da enxeñeira municipal en informe emitido na data 08/04/2025: *“(...) La calle Sidreiras es de titularidad municipal, por lo que su conservación y mantenimiento es competencia del Ayuntamiento. (...) El lugar del accidente sufrido por el Sr. Oujo Figueiras es la calle Sidreiras (...)”*. A este respecto cómpre sinalar que o servizo de pavimentación das vías públicas é un servizo que deben prestar todos os municipios, de conformidade co disposto no artigo 26.1 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Así mesmo, **resulta demostrada a produción de danos no automóbil referido**, como se desprende das facturas de reparación dos danos que os reclamantes achegan coa súa reclamación.

Seguidamente, cómpre analizar a existencia ou non dun nexo de causalidade entre o dano producido e o funcionamento dun servizo público cal é o servizo público viario, xa que a Administración ten o deber ineludible de manter as estradas que estean abertas á circulación pública de xeito tal que estea garantida en calquera momento a seguridade persoal daqueles que as utilicen. Isto implica o recoñecemento a favor destes dun principio de confianza sobre as condicións obxectivamente aptas do vial e este deber obriga á Administración a reparar as consecuencias danosas dos eventos que signifiquen unha creba das condicións de seguridade que aquela está obrigada a garantir.

Pois ben, no que ao presente suposto se refire, **non consta acreditada a relación causal dos danos no vehículo co deficiente funcionamento do servizo público viario**. Así, a estes efectos, **a Policía Local, que tivo constancia do sucedido, no seu informe emitido na**



data 25/02/2025, dispón que: "(...) 3.- Realizada la inspección ocular del lugar de siniestro, se confirmó que el firme de la calzada presentaba diversas deficiencias. 4.- Las deficiencias observadas en varias zonas de la calzada destinada a la circulación de vehículos, no presentan entidad suficiente como para ocasionar los daños por los que se reclama. 5. A la vista de los daños objeto de reclamación, estos resultan incompatibles como resultado del paso de la rueda de un vehículo que circula a la velocidad genérica de la vía, sobre esa zona inspeccionada que presenta deficiencias. 6. El conductor manifestó que circulaba normalmente de acuerdo con la legalidad vigente, lo cual redundaba en la incompatibilidad de los daños apreciados con la conducta descrita. (...) En base a lo anterior, es parecer del actuante que los daños inspeccionados en la rueda no son compatibles con las deficiencias observadas en la calzada."

A enxeñeira municipal no informe emitido na data 08/04/2025, dispón que a pesar de que non tivo coñecemento do accidente que dou lugar á reclamación presentada, e que se descoñece o estado exacto da rúa o día no que se produciu o accidente, pódese afirmar, despois de realizar unha inspección á rúa na data 19/03/2025, que: "(...) la calle presenta un buen estado general. El lugar del bache se situaría entre dos arquetas en las que actualmente vemos una capa asfáltica de forma uniforme. No se observa ningún bache o grieta considerable en el aglomerado y menos para reventar un neumático de un vehículo. La calle presenta una capa asfáltica uniforme. Tampoco se aprecian indicios de haber existido un bache y que este se hubiese arreglado. En las fotografías que se recogen en el parte de servicio nº 7439 realizado por la Policía local, no se observan deficiencias susceptibles de originar los daños por los que se reclama, ni ser calificadas como obstáculos para la circulación de los vehículos. (...) Se deduce que las deficiencias que pudieran existir en la vía en la fecha del accidente no tenían entidad suficiente para ocasionar los daños por los que se reclama."

En consecuencia, enténdese que non existe un nexo de causalidade directo, exclusivo e inmediato entre o funcionamento do servizo municipal e os danos ocasionados ao vehículo marca Seat León, matrícula 2064LGT, propiedade de D. Juan Manuel Oujo Figueiras e asegurado na entidade Linea Directa S.A.

Por todo o exposto, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 06/05/2025, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Desestimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta por D. José Luis Fernández Guitiérrez, en nome e representación de LINEA DIRECTA S.A., e por D. Juan Manuel Oujo Figueiras.

14.- VAO PERMANENTE (CAMBIO TITULARIDADE) - Manuel Regueira Carracedo

Visto o escrito presentado por **Manuel Regueira Carracedo**, de data 24/04/2025 (Registro de entrada nº 9.574), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Castelao, nº 19 (Aguíño).

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 25/04/2024, polo que se concedía a María Belén Cameán Carballo autorización para a instalación dunha praca de vao permanente (4,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado na Rúa Castelao, nº 19 (Aguíño); segundo solicitude de data 30/08/2023 presentada por Manuel Regueira Carracedo, en representación de María Belén Cameán



Carballo.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 30/04/2025 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Manuel Regueira Carracedo**, autorización (Cambio de titularidade) para a instalación dunha praca de vao permanente (4,00 m.) para instalar na entrada ao garaxe do inmoible situado na Rúa Castelao, nº 19 (Aguíño), con reforzo de marca vial lonxitudinal continua amarela enfronte do vao, según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con caracter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

15.- SOLICITUDE RESERVA DE VÍA PARA ZONA EXPRESS - Comercial Pardal

Visto o escrito presentado por José M. Figueiro Torres en representación de **Comercial Pardal**, de data 21/04/2025 (Rexistro de entrada nº 9.235), no que solicita a habilitación dunha zona de carga/descarga na Rúa Carlos Casares (Ribeira), ao carón do vao permanente do seu establecemento dedicado a pinturas.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido pola Policía Local, de data 30/04/2025, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar** a habilitación dunha zona azul express, con capacidade para dous vehículos, na Rúa Carlos Casares (Ribeira), á altura do nº 13, segundo consta no citado informe policial.
- A sinalización deberá ser: Horizontal, mediante o pintado no pavimento de liñas discontinuas de cor azul. Vertical, mediante a colocación de sinal de estacionamento limitado R-309, coa lenda "*de 09:00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas, excepto os domingos, festivos e sábados pola tarde*" (art 8 da Ordenanza de Circulación)

16.- SOLICITUDE RESERVA DE VÍA PARA ZONA EXPRESS - Neoprint Imprenta, S.L.

Visto o escrito presentado por Natalia González Agrelo en representación de **Neoprint Imprenta, S.L.**, de data 23/04/2025 (Rexistro de entrada nº 9.537), no que solicita a habilitación dunha reserva de vía para zona express na Rúa Mariño de Rivera (Ribeira), cercana ao seu establecemento.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe emitido pola Policía Local, de data 30/04/2025, por unanimidade dos presentes, **acorda:**



- **Autorizar** a habilitación dunha zona azul express, con capacidade para dous vehículos, na Rúa Mariño de Rivera (Ribeira), cercana ao seu establecemento, segundo consta no citado informe policial.
- A sinalización deberá ser: Horizontal, mediante o pintado no pavimento de liñas discontinuas de cor azul. Vertical, mediante a colocación de sinal de estacionamento limitado R-309, coa lenda “de 09: 00 a 14:00 horas e de 16:00 a 20:00 horas, excepto os domingos, festivos e sábados pola tarde” (art 8 da Ordenanza de Circulación)

17.- APROBACIÓN PREZOS PÚBLICOS - Concerto "Ingrávida"

Vista a proposta de aprobación de prezos públicos da Concelleira Delegada de Cultura, Antía Alberte Maneiro, de data 30/04/2025, no que solicita a aprobación de prezos públicos para as entradas para o concerto “Ingrávida” de Mercedes Peón, o día 16/05/2025, no novo Auditorio Municipal.

Visto o informe conxunto emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, e o Tesoureiro Municipal, Félix Carrasco del Pozo, de data 05/05/2025.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**

- **Aprobar** o prezo público sinalado para este concerto na citada proposta (2,50 €), así como da normativa de adquisición das entradas a través da billeteira electrónica de Ataquilla.

18.- AUTORIZACIÓN CESIÓN PAVILLÓN DE SIRVES AO CLUB PATINAXE RIBEIRA PARA A ORGANIZACIÓN DA FASE DE NIVEIS DA FEDERACIÓN GALEGA DE PATINAXE

LOGO DE VER que Dña. María Teresa Rey Martínez, en representación do Club Patinaxe Ribeira, presenta escrito de data 19-02-2025, con número de rexistro de entrada municipal 3.874, solicitando:

“SOLICITA QUE LE SEAN CONCEDIDA LA PISTA DE SIRVES PARA EL 17 Y 18 DE MAYO PISTA E Y 25 DE MAYO POR LA ORGANIZACION DE LA SEGUNDA FASE DE NIVELES DE LA FEDERACION GALLEGA DE PATINAXE ORGANIZADA POR EL CLUB RIBEIRA Y EL DEPORTE ESCOLAR”

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

- Segundo a *lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local*; no título II *O Municipio*; capítulo III *Competencias*; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: “*Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer.*”
- Na Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais do concello de Ribeira, establece no artigo 7- Exencións e bonificacións, o seguinte:
“Atendendo o interese social, cultural e formativo, os actos deportivos de carácter afeccionado poderán gozar dunha bonificación de ata o 100% das tarifas”.
- Nos días e horarios mencionados anteriormente, non temos actividades programadas na instalación solicitada.



E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal, de data 29-04-25, e a proposta de resolución do concelleiro delegado de deportes, de data 30-04-2025, favorables á mesma con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Autorizar a cesión das instalacións do pavillón de Sirves ao Club Patinaxe Ribeira, para a organización da fase de niveis da Federación Galega de Patinaxe, cos seguintes condicionantes:

- **A autorización será gratuíta**, conforme o artigo 7º.2 da *"Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo uso de instalacións deportivas municipais"*, o tratarse dunha actividade de carácter social e formativa.
- A cesión das instalacións será só para os días **17-18 e 25 de maio de 2025 ao longo de toda a xornada**.
- O solicitante deberá comprometerse a deixar as instalacións nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- Calquera gasto derivado desta cesión de uso e que se relacione coa actividade correrá a cargo do solicitante (publicidade, asistencia técnica, apertura fora do horario habitual, ...).
- En caso de haber calquera incidencia reseñable durante o período de cesión da instalación (accidente, altercado u outros), deberá ser comunicada aos responsables da Oficina de Deportes coa maior brevidade posible.
- Pola celebración de actividades municipais u outras que a Xunta de Goberno Local considere oportunas, poderase suspender esta autorización cun previo aviso de 48 horas, intentando dar unha alternativa ao solicitante.
- Comunicar a celebración do evento e a posible concentración de persoas á Policía Local de Ribeira.

19.- ACHEGA CONCEDIDA A CLUB DE REMO NÁUTICO DE RIBEIRA (APROBACIÓN DE PAGOS CONVENIO DE COLABORACIÓN)

Vista a proposta/informe de xustificación documental e pagamento de subvención emitido pola Alcaldía, de data 28/04/2025, en relación ao convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Club de Remo Náutico de Ribeira, co obxecto de regular o apoio económico na organización da Vli Bandeira de Bateis Feminina e Masculina Concello de Ribeira.



Visto o informe de intervención emitido ao respecto polo Interventor Municipal, Pablo Bao Castro, de data 02/05/2025.

Vista a documentación que consta no expediente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar a documentación xustificativa presentada e autorizar o pagamento da subvención derivada do convenio de colaboración celebrado entre o Concello de Ribeira e o Club de Remo Náutico de Ribeira, co obxecto de regular o apoio económico na organización da VII Bandeira de Bateis Feminina e Masculina Concello de Ribeira; por importe de 1.500,00 €.

20.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Lucía Vilas Patiño (CLANDESTINO)

VISTO o escrito presentado por **Lucía Vilas Patiño** en representación establecemento “Bar Clandestino” (Ribeira), de data 29/04/2025 (Rexistro de entrada nº 9.844), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Clandestino” (Ribeira), o día 24/05/2025, en horario de 21:00 h. a 00:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Lucía Vilas Patiño, para evento musical no establecemento hostaleiro “Bar Clandestino” (Ribeira), o día 24/05/2025, en horario de 21:00 h. a 00:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Bar Clandestino” (Ribeira) (Lucía Vilas Patiño), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumpren as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos*



establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos
procedementos do anexo IV. (...)”

- O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”
- O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.”

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



21.- SOLICITUDE INSTALACIÓN PANCARTA PROMOCIONAL DO “FESTIVAL BRUÓN FOLK FEST” – Asociación Cultural Os Liantes

Visto o escrito presentado por Pablo Silva Torrado en representación da **Asociación Cultural Os Liantes**, de data 02/05/2025 (Rexistro de entrada nº 10.202), no que solicita autorización para a colocación dunha pancarta promocional do “Festival Bruón Folk Fest”, incluído na programación do Maio Cultural, na rotonda ubicada na entrada/saída da Autovía do Barbanza (Xarás-Ribeira), sen perxudicar nin ocasionar desperfectos.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar a instalación provisional dunha pancarta promocional do “Festival Bruón Folk Fest”, incluído na programación do Maio Cultural, na rotonda ubicada na entrada/saída da Autovía do Barbanza (Xarás-Ribeira), sen perxudicar nin ocasionar desperfectos.
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para determinar as datas de instalación e retirada da mesma.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

22.- SOLICITUDE COLABORACIÓN MUNICIPAL PARA A CELEBRACIÓN DA PROCESIÓN DAS FESTAS DE SANTA RITA EN PALMEIRA – Manuela Vila Luaces

Visto o escrito presentado por **Manuela Vila Luaces**, de data solicitando a colaboración municipal para a celebración da procesión das Festas de Santa Rita en Palmeira, coa presenza da Policía Local e Protección Civil, así como a instalación de sinalización viaria en varios puntos da zona para o bo desenvolvemento da celebración.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Prestar a colaboración municipal para a celebración da procesión das Festas de Santa Rita en Palmeira, coa presenza da Policía Local e Protección Civil, así como a instalación de sinalización viaria en varios puntos da zona.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local e Protección Civil para o seu coñecemento.

23.- SOLICITUDE CELEBRACIÓN EVENTO FESTIVO NO CAMPING VALVERDE (OLVEIRA) – Asociación Cultural As Dunas

Visto o escrito presentado por José Manuel Martínez Suárez en representación da **Asociación Cultural As Dunas**, de data 30/04/2025 (Rexistro de entrada nº 4.237), no que solicita autorización para a celebración de evento festivo (Ruta cabalar pola contorna, comida campestre en carpa con pulpeira, sesión de tarde con DJ), o día 17/05/2025, na explanada do antigo bar/Camping Valverde (Olveira); así como reforzo de contedores RSU e servizo de limpeza ao día seguinte ou no luns.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:



- A Xunta de Goberno Local queda enteirada da celebración do evento de referencia, non atopando inconveniente, sen prexuízo das correspondentes autorizacións doutras administracións, na celebración do evento festivo (Ruta cabalar pola contorna, comida campestre en carpa con pulpeira, sesión de tarde con DJ), o día 17/05/2025, na explanada do antigo bar/Camping Valverde (Oliveira); solicitado pola Asociación Cultural As Dunas.
- Prestar a colaboración municipal con reforzo de contedores RSU e servizo de limpeza.
- Deberá achegar a correspondente declaración responsable cuberta e asinada ao Departamento de Cultura.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

24.- AUTORIZACIÓN CELEBRACIÓN DAS FESTAS DE FÁTIMA EN OLEIROS – Asociación Cultural de Festexos e Deportes Virxe de Fátima

Vista a proposta de resolución conxunta presentada polo Concelleiro Delegado de Turismo, Festexos, Relacións Institucionais e Novas Tecnoloxías, Francisco Suárez-Puerta Colomer, e pola Concelleira Delegada de Cultura, Mocidade, Medio Ambiente e Benestar Animal, Antía Alberte Maneiro, de data 05/05/2025, relativa á autorización para a celebración das Festas de Fátima na parroquia de Oleiros; na que expoñen:

- “
- *Recíbese peticións de Sandra Rodríguez Casais, sede electrónica data 30/4/2025 e núm. rexistro 2025 9980, interesando celebrar as **Festas de Fátima** na **Parroquia de Oleiros**.*
 - *Indica que terá lugar os días 10, 13, 16 e 17 de maio de 2025.*
 - *Engádese a esta solicitude anexo asinado e presentado pola interesada na data 05/05/2025 que en nome da Asociación Cultural de Festejos y Deportes Virgen de Fátima manifesta: Aforo 600 persoas aprox.; Ubicación da festa no exterior e interior do Centro Social Cultural de Oleiros e a disposición desta instalacións municipal os días 10, 16 e 17 de maio. (Documento recibido no correo electrónico de culturaefestexos@ribeira.gal ó 05/05/2025).*
 - *Entrega no Centro Cultural Lustres Rivas un exemplar Programa “Fiestas de Fátima” San Martiño de Oleiros 10-16-17 de maio 2025 no que consta as actividades de cada día, entre as que figura pasarrúas, sesión infantil de inchables, actuacións musicais, pirotecnia, así como actos relixiosos.*
- *Solicita Permiso para celebrar as Festas de Fátima en Oleiros os días 10, 13, 16 e 17 de maio de 2025 ademáis a limpeza, contenedores, vallas, sinais de prohibido aparcar e vixilancia nocturna.*
 - *Solicita Uso Temporal do Centro Social Cultural de Oleiros os días 10, 16 e 17 de maio do presente.*

(...)

É do noso interese apoiar a iniciativa do tecido social que

- ✓ *Co seu esforzo e dedicación contribúen a enriquecer a oferta lúdico – cultural do municipio.*
- ✓ *Son un elemento vertebrador e integrador da sociedade e do mantemento das tradicións, ademáis de supor un instrumento dinamizador da economía local.*
- ✓ *Pola súa singularidade crean espazos de socialización.*
- ✓ *Aberto a toda á cidadanía.”*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda:



1. Autorizar a celebración das Festas de Fátima os días 10, 13, 16 e 17 de maio de 2025 na parroquia de Oleiros en horario de 10.00 h ata ás 4.00 h do día seguinte.
2. Dispor do Uso Temporal, e en precario, das instalacións do Centro Social e Cultural de Oleiros destinado á organización da festa, días 10, 16 e 17 de maio de 2025.

As condicións de uso e desenvolvemento de cada actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso a entidade solicitante subscribirá unha póliza de seguro para cubrir tanto responsabilidade civil como os posibles accidentes, así como calquera outra que se poida derivar dos danos ocasionados polo uso da instalación (*Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia* «DOG» núm. 1, de 2 de xaneiro de 2018 e Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se *regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e actividades recreativas* «DOG» núm. 13, de 19 de xaneiro de 2019).

Comprométese o solicitante a deixar a instalación nas mesmas condicións que estaba antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioros que puidieran orixinarse.

En ningún caso poderá destinarse a fins distintos do autorizado.

3. Prestar a colaboración municipal no relativo á ordenación do tráfico, presenza policial; Limpeza, reforzo de contedores de lixo, vallas segundo a disponibilidad nesta data.
4. Requerir ao solicitante a que presente con anterioridade á celebración do citado evento, a seguinte documentación:

- ✓ **Póliza de seguro de responsabilidade civil en vigor durante todos os días da festa.**

Disposición Transitoria Terceira da antedita Lei 10/2017 e Sección 4ª do Decreto 226/2022, de 22 de decembro, pola que se regulan determinados aspectos da organización e desenvolvemento dos espectáculos e actividades recreativas publicado no DOG nº 13 de 19 de xaneiro de 2023.

- ✓ **Declaración responsable** asinado polo representante da entidade organizadora e que deberá conter o programa de actividades que se van a desenvolver na festa, a temporización das actuacións musicais, a indicación das instalacións de estruturas como carpas, escenarios, así como deberá conter a manifestación de que cumpre con todos os requisitos da normativa vixente e que dispón da documentación acreditativa.
- ✓ **Documento acreditativo asinado pola persoa que asume a responsabilidade técnica** da instalacións destas estruturas desmontables.
- ✓ **Boletíns eléctricos da instalación** segundo a instrución 2/2018 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas, sobre instalación eléctricas temporais de baixa tensión e compromiso de validación. En caso de xerador eléctrico, certificado de industria de ter pasado a inspección.

5. Comunicar ao solicitante que



- ✓ **Precisará autorización do órgano competente para o lanzamento de foguetes, globos ou artefactos de calquera clase que conteña fogo (requisitos e documentos esixidos para espectáculos públicos de fogos de artificio que superen os 50 kg de mestura explosiva). O solicitante será responsable dos incendios que puidese orixinar. Haberá de ter en conta en todo momento a Circular e normativa vixente sobre Incendios Forestais.**
 - ✓ **Será da súa responsabilidade o pago á Sociedade Xeral de Autores de España que puidera corresponder da celebración de actuacións musicais.**
 - ✓ **Deberá cumprir co establecido no artigo 12 do Decreto 226/2022 referido á asistencia sanitaria.**
- 6. Trasladar á Policía Local esta petición para que atende todo o relativo á regulación do tráfico, sinalización viaria, vallas e seguridade cidadá.**

25.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTOS MUSAIS EN EXTERIOR DE LOCAL DE LOCAL DE HOSTALERÍA – Sidi Tandan El Id (CAMBADESA)

VISTO o escrito presentado por **Sidi Tandan El Id** en representación establecemento “Café Bar A Cambadesa” (Ribeira), de data 05/05/2025 (Rexistro de entrada nº 10.302), no que solicita permiso para eventos musicais no exterior do establecemento hostaleiro “Café Bar A Cambadesa” (Ribeira), os días 9 e 10/05/2025, en horario de 18:00 h. a 22:00 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Sidi Tandan El Id, para eventos musicais no exterior do establecemento hostaleiro “Café Bar A Cambadesa” (Ribeira), os días 9 e 10/05/2025, en horario de 18:00 h. a 22:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Café Bar A Cambadesa” (Ribeira) (Sidi Tandan El Id), deberá estar localizado en todo momento para o cal **deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto** coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respetar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio*



deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”

- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.*

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incurrir os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.



26.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN PARA EVENTO MUSICAL EN LOCAL DE HOSTALERÍA – Tania Redondo Fernández (GAR SAN)

VISTO o escrito presentado por **Tania Redondo Fernández** en representación establecemento “Restaurante Gar San” (Palmeira), de data 06/05/2025 (Rexistro de entrada nº 10.439), no que solicita permiso para evento musical no establecemento hostaleiro “Restaurante Gar San” (Palmeira), o día 10/05/2025, en horario de 21:00 h. a 00:30 h.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

PRIMEIRO.- Conceder autorización a Tania Redondo Fernández, para evento musical no establecemento hostaleiro “Restaurante Gar San” (Palmeira), o día 10/05/2025, en horario de 21:00 h. a 00:00 h.

SEGUNDO.- Durante a celebración do evento a persoa responsable, xa sexa solicitante, representante ou promotor/a de “Restaurante Gar San” (Palmeira) (**Tania Redondo Fernández**), deberá estar localizado en todo momento para o cal deberá facilitárselle á policía local un número de teléfono de contacto coa finalidade de poder localizar en todo momento á persoa responsable.

TERCEIRO.- Deberase respetar o aforo máximo permitido, data e hora de celebración, e que se cumplan as medidas de seguridade, salubridade ornato público, garantindo o cumprimento dos valores límite de inmisión de ruído aplicable con respecto ao espazo público anexo e ás vivendas próximas, debendo respetar en todo caso:

- *O artigo 7 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería do Concello de Ribeira, ao referirse á limitación de niveis de transmisión sonora, o seguinte: “O funcionamento das instalacións reguladas nesta ordenanza, tanto en solo público como privado, deberá respectar os límites de ruído en vivendas e locais próximos previstos na normativa aplicable.”*
- *O artigo 24 do Real Decreto 1367/2007, de 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, de 17 de novembro, do Ruído, no referente a zonificación acústica, obxectivos de calidade e emisións acústicas, ao referirse aos valores límite de inmisión de ruído aplicables a novas infraestruturas portuarias e a novas actividades, o seguinte: “1. Toda nova instalación, establecemento ou actividade portuaria, industrial, comercial, de almacenamento, deportivo-recreativa ou de ocio deberá adoptar as medidas necesarias para que non transmita ao medio ambiente exterior das correspondentes áreas acústicas niveis de ruído superiores aos establecidos como valores límite na táboa B1, del anexo III, avaliados conforme aos procedementos do anexo IV. (...)”*
- *O artigo 18 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse á prohibición de equipos audiovisuais e actuacións amplificadas en directo, o seguinte: “Poderá haber actuacións en directo nas terrazas ata as 23.30 da noite. As actuacións en directo amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo nos espazos e instalacións da terraza deberán contar con la preceptiva autorización municipal.”*
- *O artigo 23 da Ordenanza Municipal Reguladora das Terrazas e Quioscos de Hostalería, ao referirse a prohibición de equipos audiovisuais e actuacións, o seguinte: “Quedan terminantemente prohibidas as actuacións en directo*



amplificadas ou con percusión, así como a instalación de equipos audiovisuais ou a emisión de son ou vídeo no interior do pechamento estable.

CUARTO.- Notificar asimesmo a presente resolución ao Inspector Xefe da Policía Local de Ribeira para que teña coñecemento e realice unha vixilancia e seguimento de dita orde, e garantir o cumprimento do anterior e da restante normativa vixente así como a convivencia pacífica na zona.

QUINTO.- As actividades teñen carácter operativo, o que condiciona o funcionamento das mesmas, e unha vez autorizadas orixinan unha relación continua entre o suxeito autorizado e a Administración municipal, en virtude da cal esta pode intervenir en todo momento e acordar as medidas técnicas que sexan precisas para que as actividades se axusten ás esixencias de interese público, condición sempre implícita neste tipo de autorizacións.

SEXTO.- Asimesmo as actividades autorizadas:

- *So producirán efectos entre o Concello e o titular da actividade, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

SÉTIMO.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Ribeira encargados da inspección e vixilancia do correcto exercicio da actividade aprécianse desviacións na execución da mesma respecto ás condicións impostas polos técnicos municipais, procederase a inmediata paralización da actividade, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.

27.- AUTORIZACIÓN CAMPAÑA DE DINAMIZACIÓN COMERCIAL “LAZOS DE CORES NAS RÚAS PEONÍS” – Asociación de empresarios de Ribeira

Vista a proposta de resolución da Concelleira Delegada de Comercio, Genoveva María Betanzos Fernández, de data 06/05/2025, relativa á autorización para a celebración da campaña de dinamización comercial “Lazos de Cores nas Rúas Peonís”, na que expón:

“Que a Asociación de Empresarios de Ribeira vai a poñer en marcha unha campaña de dinamización comercial “LAZOS DE CORES” desde o 9 ao 24 de maio nas rúas peonís do centro de Ribeira. Presenta a solicitude de autorización no rexistro xeral do Concello na data 05/05/2025 con Nº de rexistro de entrada 202510243, solicitando:

Autorización para por en marcha a campaña de dinamización comercial desde o 9 ao 24 de maio para decorar as rúas peonís do centro de Ribeira con lazos de cores atados nas árbores.

As rúas nas cales solicitan a colocación dos lazos nas árbores son as seguintes:

- *Rúa de Galicia*
- *Rosalía de Castro*



- *Mariño de Rivera*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- **Autorizar a posta en marcha da campaña de dinamización comercial desde o 9 ao 24 de maio para decorar as rúas peonís do centro de Ribeira, Galicia, Rosalía de Castro e Mariño de Rivera.**
- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).

28.- AUTORIZACIÓN PARA OCUPACIÓN DE ESPAZO PÚBLICO PARA INSTALACIÓN DE HAIMA – Asociación de Empresarios de Ribeira

Vista a proposta de resolución da Concelleira Delegada de Comercio, Genoveva María Betanzos Fernández, de data 06/05/2025, relativa á autorización de ocupación de espazo público para a intalación dunha haima para a realización dun sorteo presencial dentro da campaña de dinamización presencial comercial “Lazos de Cores”, na que expón:

“Que a Asociación de Empresarios de Ribeira coa campaña de dinamización comercial enlaza Ribeira “LAZOS DE CORES” que abarca desde o 9 ao 24 de maio, cos tickets de compra dese período queren facer un sorteo presencial o sábado 24 de maio canxeando os tickets por boletos numerados.

Presenta a solicitude de autorización no rexistro xeral do Concello na data 06/05/2025 con Nº de rexistro de entrada 202510416, solicitando:

Autorización para colocar unha haima na praza Porta do Sol o día 24 de maio en horario de 11:00 a 14:00 h (ás 13:30 h realizaríase o sorteo presencial entre todos os boletos). En caso de choiva solicitan facer o sorteo na rúa de Galicia á altura do Banco Santander.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presents, **acorda:**

Autorizar a colocación dunha haima na praza Porta do Sol o día 24 de maio de 11:00 a 14:00 h (ás 13:30 h realizarán o sorteo presencial entre todos os boletos). En caso de choiva como opción alternativa o sorteo autorízase a facer na rúa de Galicia á altura do Banco Santander.

- As condicións de uso e desenvolvemento da actividade estarán suxeitas ás regras xerais de responsabilidade e respecto polos bens públicos por parte do solicitante. En todo caso, esta entidade subscribirá unha póliza de seguro polo capital mínimo que indique a normativa (Decreto 226/2022, de 22 de decembro, polo que se regulan determinados aspectos de organización e desenvolvemento dos espectáculos públicos e as actividades recreativas).
- O solicitante comprométese a deixar as instalacións e materiais nas mesmas condicións que estaban antes do seu emprego, respondendo dos danos e deterioro que puideran orixinarse por un uso inadecuado.
- **Dar traslado deste acordo ao interesado e á Policía Local de Ribeira para o seu coñecemento.**



29.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN POSTO DE VENDA AMBULANTE – Ofelia Costa Moledo

Visto o escrito presentado por **Ofelia Costa Moledo**, de data 07/05/2025 (Registro de entrada nº 10.539), no que solicita autorización para a instalación dun posto de venda ambulante (Carro de empanadiñas – 1,00 m.), os días 10, 17, 24 e 31/05/2025, na Rúa Rosalía de Castro (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **Ofelia Costa Moledo** para a instalación dun posto de venda ambulante (Carro de empanadiñas – 1,00 m.), os días 10, 17, 24 e 31/05/2025, na Rúa Rosalía de Castro (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Deberá poñerse en contacto coa Policía Local para coordinar a ubicación exacta do citado posto de venda ambulante.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

30.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN INSTALACIÓN STAND EN ESPAZO PÚBLICO – Asociación de familias de persoas con discapacidade psíquica

Visto o escrito presentado por María Esther Vidal Rodríguez en representación da **Asociación de familias de persoas con discapacidade psíquica**, de data 07/05/2025 (Registro de entrada nº 10.550), no que solicita autorización para a instalación dun stand (1 m. x 1 m.) o día 12/05/2025, de 11:00 h. a 13:00 h., na Rúa de Galicia (Ribeira), co motivo da celebración da actividade “Galeguímetro” para conmemorar o Día das Letras Galegas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presents, **acorda**:

- Autorizar a instalación dun stand (1 m. x 1 m.) o día 12/05/2025, de 11:00 h. a 13:00 h., na Rúa de Galicia (Ribeira), co motivo da celebración da actividade “Galeguímetro” para conmemorar o Día das Letras Galegas.
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.

A Presidencia levanta a sesión sendo as 14:25 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.

